



O alcalde do Concello de Vilagarcía D. Alberto Varela, presentou esta mañá o programa dos 23 Xogos de Deportes Minoritarios, acompañado por Dña Consuelo Besada, representando á Deputación de Pontevedra, D. Eladio Fernández, presidente de Special Olympics Galicia, e D. Xosé Luis Queiruga, vicepresidente de CON ELES. Xunto a eles, tamén participaron na rolda de presentación, 2 deportistas da entidade anfitriona de CON ELES que competirán o sábado nos Xogos Autonómicos.

Durante a presentación do programa de actividades, Eladio Fernández quixo destacar “o respaldo co que conta o noso programa deportivo. O proxecto de Special Olympics está implantado en máis de 190 países de todo o mundo, entre eles España, sendo Galicia a Comunidade onde contamos co proxecto máis consolidado”. O presidente tamén quixo agradecer o apoio fundamental do Concello de Vilagarcía para levar a cabo os Xogos, e destacou a filosofía de Special Olympics Galicia, onde “a persoa non se adapta ao deporte, senón que é o deporte o que se adapta ás necesidades da persoa.”

Pola súa banda, o alcalde de Vilagarcía, D. Alberto Varela, emprazou a toda á cidadanía a achegarse o sábado ao pavillón de FEXDEGA, a ver en primeira persoa a actividade de Special Olympics Galicia. Tal e como asegurou, “ao longo de dous anos e medio tiveron a oportunidade de asistir a moitos eventos. Algúns quedan máis gravados que outros, e sen dúbida as xornadas que vivín con Special Olympics Galicia foron as máis especiais ás que puiden asistir. Mentres que eu sexa alcalde de Vilagarcía, sempre estarei ao dispor da asociación para colaborar co deporte inclusivo.”

Os Xogos Autonómicos de Deportes Minoritarios contarán por segundo ano consecutivo, coas Escolas de Tenis do Programa da Fundación Rafa Nadal, un proxecto impulsado en colaboración con Special Olympics España e que forma parte do Programa autonómico de actividades deportivas que organiza cada ano Special Olympics Galicia.

Igualmente contaremos de novo coa colaboración da Fundación Mapfre e o seu Programa “Juntos lo logramos” que a través de Special Olympics España ven colaborando nestes xogos para promover a práctica deportiva entre persoas con discapacidade intelectual, o que lles permite mellorar tanto aspectos físicos como psíquicos, emocionais e sociais.

A xornada deportiva, aberta ao público e de entrada gratuíta, inaugurarase ás 10:45 horas, momento no que terá lugar o desfile de todos os deportistas das entidades participantes, e prolongarase ata as 19:00 horas.